

**Instituto da Lingua Galega**

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
(+34) 881 812 815  
ilgsec@usc.gal

## PRIORIDADES, OBXECTIVOS E AXENDA CIENTÍFICA DO ILG (2023-2026)

### 1. PRESENTACIÓN

O **Instituto da Lingua Galega** (ILG) foi creado en 1971 no seo da cátedra de Lingüística Románica da USC e grazas ao impulso do que era o seu titular desde 1966, Constantino García —primeiro director do ILG (1971-1990)—. Os seus obxectivos estratéxicos fundacionais mantivéronse no esencial ata a actualidade. Estes son:

- Levar a cabo unha investigación rigorosa da lingüística galega, que a sitúe nos máis altos estándares da lingüística internacional
- Transferir coñecemento aos organismos e entidades que se ocupan da lingua galega e a toda a sociedade
- Impulsar o estudo, difusión e promoción da lingua galega a todos os niveis

Ao cumprir os seus primeiros 50 anos, e co obxectivo de adaptarse aos desafíos da sociedade actual sen perder de vista as metas e os valores que o guiaron desde a súa fundación, o ILG comezou un proceso de renovación, que supuxo a incorporación na axenda científica de novos ámbitos de estudo, como o literario e o cultural, así como a elaboración dun plan estratéxico. Este plan, aprobado en 2023, establece as seguintes prioridades e obxectivos e a seguinte axenda de investigación.

### 2. PRIORIDADES ESTRATÉXICAS E OBXECTIVOS

Para levar a cabo a súa misión e alcanzar a súa visión, o ILG estableceu cinco prioridades estratéxicas, que no período que cobre o plan estratéxico (2023-2026) se concretan en 11 obxectivos.

#### **Prioridades estratéxicas**

1. Impulsar unha investigación innovadora da lingua galega, con alto impacto científico, que, ademais de xerar coñecemento, contribúa a promover o seu uso en todos os ámbitos (en especial, nos contornos dixitais) e a súa valoración social como patrimonio cultural compartido
2. Fortalecer a captación e formación de talento investigador, orientado ás novas prioridades da axenda científica
3. Incrementar e valorizar a transferencia de coñecemento e a incidencia social do labor do ILG

**Instituto da Lingua Galega**

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
(+34) 881 812 815  
ilgsec@usc.gal

4. Aumentar a captación de recursos competitivos, especialmente en programas da UE
5. Implementar os cambios organizativos necesarios para desenvolver con éxito o novo Plan Estratégico e a axenda científica

Estas prioridades concrétanse nos **obxectivos** seguintes:

### **Investigación e talento**

---

- O1. Despregar totalmente a nova axenda científica
- O2. Incrementar a produción científica (publicacións) do ILG e o seu impacto
- O3. Captar e manter un maior número de investigadoras/es en formación
- O4. Aumentar a captación de fondos competitivos e a participación en proxectos europeos

### **Transferencia de coñecemento e incidencia social**

---

- O5. Estructurar e incrementar a valorización das actividades de transferencia de coñecemento
- O6. Aumentar o impacto en sectores especializados e público xeral do coñecemento xerado polo ILG
- O7. Incrementar o recoñecemento e a proxección pública do ILG

### **Desenvolvemento institucional**

---

- O8. Adaptar a organización á nova axenda científica e ás prioridades estratégicas do ILG
- O9. Promover patrocinios e captación de fondos privados
- O10. Reforzar e aliñar o equipo

O11. Reforzar e proxectar o compromiso do ILG coa equidade de xénero

### 3. AXENDA CIENTÍFICA

A axenda científica do ILG configúrase ao redor de dúas grandes áreas: *Lingua e sociedade* e *Humanidades dixitais*. Trátase de dúas áreas claramente interrelacionadas, posto que os recursos e ferramentas dixitais que se desenvolven no Instituto contribúen a un mellor coñecemento da lingua galega e da súa función social, e ao desenvolvemento da investigación. Ao mesmo tempo, os resultados da investigación son difundidos á comunidade investigadora e á sociedade en xeral a través de recursos dixitais de acceso libre. Nas dúas áreas, ocupan un lugar relevante os estudos que conectan o galego co ámbito da lusofonía. Ofrécense a seguir as liñas de investigación vinculadas con cada unha das dúas áreas indicadas.

#### 3.1 Lingua e sociedade

A lingua é unha realidade social, de tal xeito que o seu estudo non pode prescindir de factores sociais que condicionan a súa forma, o seu funcionamento, a súa variación e os cambios que experimenta. Ao mesmo tempo, é indubidable tamén o poder social que a lingua ten, pois é o principal vehículo para o establecemento de relacións sociais e o medio fundamental para a transmisión de ideas, de tal xeito que por medio da lingua se crean na sociedade novas visións ou se consolidan prexuízos e estereotipos. Esta influencia mutua entre lingua e sociedade é o principal obxecto de estudo desta área de investigación, na cal establecemos dúas liñas prioritarias: “Variación, cambio e contacto lingüístico” e “Discursos, identidades e ideoloxías”. O obxectivo é dotar a investigación que se está levando a cabo no ILG, en diferentes dimensións lingüísticas, dunha orientación común que lle dea coherencia e permita que o ILG se converta nun centro de referencia nas liñas indicadas.

##### 3.1.1 Variación, cambio e contacto lingüístico

Esta liña de investigación ten como obxectivo estudar a variación e o cambio lingüísticos, así como o contacto entre linguas, un dos factores que precisamente pode inducir os procesos de cambio. Os principais focos de interese son:

- Analizar a variación do galego en diferentes niveis lingüísticos (fonético, prosódico, léxico-semántico e morfosintáctico) e desde distintas perspectivas teóricas e metodolóxicas.
- Estudar o galego en función de diferentes parámetros de variación: o cronolóxico, a procedencia xeográfica do/a falante, a súa idade, o grupo social ao que pertence, o seu xénero, o rexistro e contexto nos que se empregan as diferentes variedades lingüísticas, o xénero textual etc. Neste sentido, é obxecto de

**Instituto da Lingua Galega**

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
(+34) 881 812 815  
ilgsec@usc.gal

especial atención no ILG o estudo da variación diatópica, sendo o *Atlas lingüístico do galego*, proxecto fundacional aínda en andamento, un proxecto tractor nesta liña de investigación.

- Investigar o cambio lingüístico en tempo aparente, a partir da análise de materiais tomados de falantes de distintas xeracións, así como en tempo real, aproveitando os materiais lingüísticos recollidos en décadas anteriores, moitos deles polo propio ILG.
- Analizar os fenómenos de contacto entre linguas e variedades, nos diferentes planos da lingua arriba mencionados, así como a súa incidencia no cambio lingüístico en función, unha vez máis, de diferentes parámetros de variación (xeográfico, social etc.).
- Realizar investigación interdisciplinaria para analizar e coñecer os factores que afectan aos procesos de variación, contacto e cambio lingüístico (urbanización, mudanzas demográficas, poboamento histórico etc.).

Para levar a cabo esta investigación, é fundamental, ademais de traballos de documentación, o desenvolvemento de corpus, bases de datos e outros recursos que permitan a análise da variación, o cambio e o contacto lingüísticos, o que entronca coa segunda área de investigación, as *Humanidades dixitais*.

### 3.1.2 Discursos, identidades e ideoloxías

O obxectivo desta liña é analizar as relacións que se establecen, no marco da sociedade galega, entre lingua e identidades e entre lingua e ideoloxías, especialmente as ideoloxías lingüísticas, así como estudar a construción de identidades e a (re)creación de ideoloxías a través do discurso. Os principais centros de interese son:

- Estudar os procesos de construción discursiva de identidades sociolingüísticas e culturais.
- Investigar en volta do emprego de diferentes repertorios lingüísticos e, dentro destes, de elementos lingüísticos como indexadores de identidades sociais, así como de ideoloxías lingüísticas e sociais.
- Analizar, a través dos discursos e das interaccións, con atención especial aos medios de comunicación e ás redes sociais, a (re)producción de ideoloxías lingüísticas, as cales condicionan os valores que os falantes lles outorgan ás linguas e ás variedades lingüísticas, e que determinan as actitudes e crenzas sobre elas.

**Instituto da Lingua Galega**

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
(+34) 881 812 815  
ilgsec@usc.gal

- Estudar o papel que as identidades e ideoloxías xogan (e xogaron) nas dinámicas de variación e cambio lingüísticos, analizadas na liña 1.
- Analizar o multilingüismo e os contextos multilingües a partir das prácticas discursivas que se xeran neles, con especial atención aos discursos da xente nova.
- Estudar a variedade estándar e o seu papel, percepción e valoración na sociedade galega.

Os resultados obtidos dos traballos de investigación desenvolvidos nestas dúas liñas serán de interese para a súa aplicación nos seguintes ámbitos e cos seguintes obxectivos:

A) Educación, linguas e culturas

- Desenvolver estratexias para unha educación lingüística inclusiva e non discriminatoria no ensino de linguas maternas en Galicia (galego e castelán).
- Valorizar a diversidade e a riqueza lingüística existente na sociedade de forma crítica, de maneira que se poñan en cuestión os prexuízos lingüísticos.
- Desenvolver estratexias e recursos para o ensino do galego como segunda lingua e como lingua estranxeira que promovan o multilingüismo e a equidade lingüística.
- Desenvolver materiais para o ensino encamiñados á aprendizaxe da lingua galega en toda a súa diversidade lingüística.

B) Planificación e política lingüística

- Contribuír ao desenvolvemento de estratexias para a dinamización da lingua galega, especialmente entre a mocidade, en colaboración coas institucións responsables.
- Achegar recursos e materiais para a toma de decisións en materia de planificación do corpus lingüístico.

### 3.2 Humanidades dixitais

A segunda gran área de investigación do ILG son as Humanidades dixitais: ata o momento, o Instituto centrouse sobre todo no deseño de recursos e ferramentas dixitais para preservar e dar a coñecer o patrimonio galego lingüístico e cultural, así como para facilitar o seu estudo e, daquela, xerar coñecemento. Ademais de continuar e consolidar estas liñas, contribuiremos ao desenvolvemento de ferramentas de alto impacto social para

**Instituto da Lingua Galega**

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
(+34) 881 812 815  
ilgsec@usc.gal

mellorar a comunicación e facilitar o acceso á información. En relación con estes tres aspectos, este campo artéllase ao redor de tres liñas de investigación, intimamente ligadas entre si, que se verán impulsadas pola participación do Instituto no novo consorcio español de [CLARIAH](#):

### 3.2.1 Tecnoloxías lingüísticas

Dentro desta liña enmárcanse os obxectivos de contribuír, en colaboración con equipos de tecnoloxías e de informática, ao desenvolvemento, á mellora e á aplicación de recursos tecnolóxicos para a lingua galega, de maneira especial no ámbito das tecnoloxías da lingua falada. O [Proxecto Nós](#) é o principal proxecto tractor nesta liña, cuxos centros de interese máis relevantes son:

- Compilar corpus lingüísticos de lingua falada con transcricións aliñadas para a obtención de modelos lingüísticos aptos para o desenvolvemento de tecnoloxías de fala en galego (recoñecemento da fala e síntese de voz).
- Desenvolver recursos para o recoñecemento de lingua falada, con capacidade de recoñecer diferentes acentos, voces e estilos.
- Desenvolver recursos para a síntese de fala, que permitan diferentes modalidades e estilos, incluídas voces personalizadas e expresión de emocións.
- Contribuír ao desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas de tradución automática, sistemas de diálogo, corrección e avaliación lingüística e xeración automática de textos, entre outras.

### 3.2.2 Ferramentas e recursos para a preservación e difusión do patrimonio lingüístico-cultural

O obxectivo desta liña de investigación é o desenvolvemento de ferramentas e recursos dixitais que contribúan por un lado á preservación dos datos e obras que conforman o patrimonio galego lingüístico e cultural e por outro lado á difusión deste coñecemento entre a comunidade investigadora e a sociedade en xeral, axudando á súa posta en valor. No marco desta liña priorizamos:

- Desenvolver recursos que permiten achegarse de maneira conxunta e doada a un grupo de obras, moitas veces de difícil acceso ou mesmo inéditas. Destacan neste grupo de recursos os “dicionarios de dicionarios”, que permiten acceder, a través dunha única e sinxela consulta, á información contida en varias obras lexicográficas.

**Instituto da Lingua Galega**

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
(+34) 881 812 815  
ilgsec@usc.gal

- Elaborar desde o propio centro dicionarios e outras bases de datos que ofrecen información de diferente tipo sobre o repertorio lingüístico galego.
- Desenvolver recursos que ofrecen a visualización de datos lingüísticos (léxico xeral, onomástica, prosodia etc.). Particularmente, cómpre mencionar o emprego de técnicas propias dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX) para a visualización de datos lingüísticos con referencia xeográfica, desenvolvidos no marco dos proxectos de xeografía lingüística.
- Realizar edicións dixitais, que difunden creacións galegas literarias e culturais, facilitan a súa comprensión e ofrecen novas posibilidades de achegamento aos textos.
- Poñer en valor o patrimonio lingüístico-cultural galego, de tal xeito que se promova a participación cidadá a través da “doazón” de datos lingüísticos que contribúan a documentar tal patrimonio, a enriquecer os recursos de visualización e a difundir o coñecemento lingüístico acumulado a través de aplicacións dirixidas a un público non experto.

### 3.2.3 Ferramentas e recursos para o estudo, a análise e a explotación de datos lingüísticos

O obxectivo desta terceira liña que conforma a área das Humanidades dixitais é o desenvolvemento de recursos e ferramentas electrónicas que axudan a coñecer o funcionamento da lingua galega e que contribúen ao desenvolvemento da investigación. Esta liña ten como intereses fundamentais:

- Compilar corpus de textos, tanto orais como escritos, que facilitan o acceso a unha gran cantidade de datos lingüísticos auténticos, permitindo a detección de regularidades que axudan a comprender o funcionamento da lingua, tanto en épocas pasadas como na actualidade. Estes corpus, ademais, son fundamentais, para o desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas (vid. a liña correspondente).
- Desenvolver ferramentas de análise lingüística dirixidas á comunidade investigadora que facilitan a súa investigación, particularmente ferramentas que permiten o deseño e implementación de experimentos perceptivos sobre as linguas.